Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica - Interuniversitario

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Curso Académico: 2023-2024

Aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento o 2 de xuño de 2025

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2023-2024
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
      - PD_NPC-01
      - PD_NPC-02
    - Criterio 2. Información e transparencia
      - PD_NPC-03
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Criterio 4. Recursos humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
      - PD_NPC-04
    - Criterio 6. Resultados do programa formativo
      - PD_NPC-05
      - PD_NPC-06
      - Outros Criterios

Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica - Interuniversitario

1. DATOS DO PROGRAMA	
Denominación do programa	Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica - Interuniversitario
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela (USC) Universidade da Coruña (UDC) Universidade de Vigo (UVigo)
Centro/Escola responsable	EDI-Saúde-USC
Centro/s Participantes	Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) Escola Internacional de Doutoramento da UVigo (Eido)
Nome do/a coordinador/a do programa	Jannette Rodríguez Pallares
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	jannette.rodriguez@usc.es
Códigos ISCED	720
Curso de implantación	2013/2014
Data acreditación ex ante (verificación)	25/09/2013
Data renovación acreditación	14/06/2021

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO
DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA
CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.
1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.
Aspectos a valorar: • O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina. • Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: O Programa de Doutoramento (PD) en Neurociencia e Psicoloxía Clínica implantouse no curso 2013-2014, de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada, cuxa modificación foi recentemente aprobada polo Consello de Universidades o 18 de xullo de 2023 (Evidencia EPD1). Trátase dun programa interuniversitario no que, por convenio, participan as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia: USC, UDC e UVigo (Evidencia EPD8). Como consta na memoria vixente, o programa creouse co obxectivo de formar persoas investigadoras primando a interdisciplinariedade e abarcando as distintas áreas da neurociencia básica e aplicada, a psicoloxía clínica e a psiquiatría. Por este feito, este programa inclúe investigadores/as adscritos/as a diferentes áreas de coñecemento, encadradas nos campos de especialización da neurobioloxía, a neurociencia cognitiva, a psicoloxía clínica e a psiquiatría. Só o coñecemento das bases moleculares do funcionamento do encéfalo permitirá entender as súas funcións, así como comprender as alteracións responsables das distintas patoloxías, o que por outra parte servirá de

base para a identificación de novos biomarcadores que contribúan a mellorar o diagnóstico e ao desenvolvemento de novas estratexias terapéuticas para o seu tratamento. Tendo en conta que moitas das enfermidades encefálicas, entre as que se atopan as enfermidades neurodexenerativas, son de etioloxía descoñecida, e actualmente non se dispón de tratamentos efectivos para elas, a área de coñecemento que abarca este programa continúa sendo na actualidade unha das liñas prioritarias de investigación en todo o mundo. Xunto coas bases moleculares do funcionamento do encéfalo e as súas patoloxías, os retos científicos nos campos da Neurociencia e da Psicoloxía Clínica inclúen a comprensión das bases dos procesos cognitivos e afectivos, os mecanismos que os sustentan e as estratexias de intervención máis adecuadas para mellorar a saúde mental e a calidade de vida das persoas. Neste programa abórdanse estes retos cun carácter interdisciplinar, que proporcione aos/ás novos/as investigadores/as a base para afrontar o estudo do encéfalo desde un punto de vista morfolóxico, estrutural, funcional, computacional, e do desenvolvemento, ademais da súa relación recíproca con variables psicosociais, co fin de comprender o comportamento humano e facilitar o desenvolvemento de estratexias preventivas e terapéuticas para as principais enfermidades neurolóxicas e psiquiátricas e os trastornos do comportamento.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece as demencias, resultado de enfermidades e lesións cerebrais, como unha prioridade. En maio de 2017, a Asemblea Mundial da Saúde aprobou o Plan mundial sobre a resposta de saúde pública á demencia 2017-2025, que constitúe un modelo integral dirixido á adopción de medidas en diferentes esferas, onde se inclúe o diagnóstico, tratamento e atención a esta enfermidade, investigación e innovación. Un novo estudo de grande envergadura publicado por The Lancet Neurology no que contribuíu a OMS mostra que, en 2021, máis de 3000 millóns de persoas en todo o mundo vivían con algunha afección neurolóxica. Igualmente, as estratexias en saúde deseñadas polo Ministerio de Sanidade como grandes eixes de actuación cun horizonte a medio e longo prazo, para garantir unha atención sanitaria de calidade, máis personalizada, máis centrada nas necesidades particulares do paciente e dos seus coidadores baseadas na evidencia científica dispoñible e que contribúen á excelencia científica inclúen unha 'Estratexia en Enfermidades Neurodexenerativas' e outra 'Estratexia de Saúde Mental'. Por tanto, este programa mantén sen dúbida a súa relevancia e está plenamente en liña coas necesidades no ámbito da saúde e cos avances científicos e tecnolóxicos da disciplina, tal como o pon de manifesto

o prestixio das revistas científicas nas que se publica a súa produción científica (Evidencia EPD24), así como os proxectos de investigación que sustentan a súa actividade (Evidencia EPD21).

Por outra banda, este programa de doutoramento áchase totalmente en liña con varios dos aspectos máis relevantes do novo Plan Estratéxico da USC 2024-2026. Unha das súas liñas estratéxicas no ámbito da actividade universitaria é a oferta de titulacións adaptadas ás necesidades da sociedade. Tendo en conta o problema social, sanitario e económico que representa o aumento no número de persoas que sofren enfermidades neurolóxicas e trastornos psicolóxicos, xunto co envellecemento da poboación, un dos principais factores de risco para este tipo de enfermidades, a oferta desta titulación está totalmente xustificada dende o punto de vista do seu interese para atender ás necesidades da sociedade. É ben sabido que a poboación galega acusa especialmente este proceso de envellecemento, que afecta a toda Europa, e a previsión é que a incidencia deste tipo de enfermidades continúe aumentando, de forma notable, nos próximos anos. Outra das liñas estratéxicas, incluída no devandito plan, é continuar avanzando cara á excelencia na investigación e innovación como motor do benestar, o que tamén vén evidenciado polo nivel da produción científica lograda por este programa de doutoramento nos últimos anos (Evidencia EPD24), así como polo número e a categoría dos proxectos de investigación activos (Evidencia EPD21). Outro dos obxectivos incluídos no plan estratéxico é a internacionalización das súas actividades. Neste sentido, cabe sinalar que o PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica segue integrado de forma activa na Network of European Neuroscience Schools (NENS), dependente da Federación Europea de Sociedades de Neurociencia (FENS) (Evidencia EPD10). Na mesma liña, cabe destacar as colaboracións mantidas durante os últimos anos por membros deste PD con outras institucións nacionais e internacionais (Evidencia EPD8 e Evidencia EPD9). A internacionalización do PD vese tamén reflectida no número de doutorandos/as procedentes de universidades estranxeiras (IPD6; Informe de indicadores ID-11). Igualmente, un total de 27 estudantes matriculados/as no programa nas universidades participantes realizaron estadías en centros de investigación estranxeiros entre os cursos 2020-2021 e 2023-2024 (ver Táboa 4, apartado 4.4.).

O número de estudantes que participan en programas de mobilidade entrante, procedentes tanto de universidades nacionais como internacionais, incrementouse desde o curso 2018-2019,

representando o 6,38% no curso 2023-2024 (IPD9.2; Informe de indicadores ID-19). É posible que estes valores estean infraestimados, xa que non todos os/as estudantes que realizan estadías nos grupos de investigación adscritos ao título se matriculan no programa durante o período da súa realización. Outro dos obxectivos do mencionado plan estratéxico é potenciar a transversalidade e cooperación interdisciplinaria da oferta formativa, ao que tamén contribúe este programa, ao tratarse dun título interuniversitario no que participan as tres universidades galegas, e que inclúe 7 liñas de investigación, como recolle a memoria verificada do título (Evidencia EPD1), que recompilan e atenden á diversidade de disciplinas do ámbito na nosa comunidade, o que favorece a colaboración.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas ofertadas no PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica adecúase aos espazos físicos de que dispoñen as liñas de investigación integradas nel nas tres universidades participantes, así como aos recursos humanos e ao financiamento de que se dispón. As 30 prazas ofertadas por este programa desde a súa implantación, que se corresponden coas ofertadas no curso 2023-2024, distribúense da seguinte maneira: 18 pola USC, 6 pola UDC e 6 pola UVigo (IPD1; Informe de indicadores ID-01, Indicadores_2023_2024 e IPD01). A demanda durante os últimos cursos estivo por encima destas cifras, alcanzando cerca do 130% no curso 2023-2024 (IPD2; Informe de indicadores ID-02, Indicadores_2023_2024 e IPD02), coa conseguinte carga de traballo que isto implica para o programa. Como se indicara no informe de seguimento externo previo, no curso 2016-2017, a taxa de matrícula rexistrada no programa incrementárase notablemente como consecuencia da necesidade de admitir estudantes de novo ingreso procedentes de programas de doutoramento en extinción (ver informes de seguimento previos).

Tras ese incremento, o número de estudantes matriculados/as de novo ingreso mantívose en valores similares desde o curso 2018-2019, a excepción do curso 2021-2022, onde o número de novos/as estudantes matriculados/as incrementouse de novo, posiblemente consecuencia da recesión da pandemia da COVID-19 do ano 2020 (IPD3; Informe de indicadores ID-03, Indicadores_2023_2024 e IPD03).

Tal como se pode ver na web do título (Evidencia EPD11), recentemente modificada, este PD esixe un perfil acoutado para a admisión de estudantes, o que garante a adecuada consecución do nivel formativo que se pretende alcanzar para o futuro estudantado egresado. A información da web do título tamén inclúe un baremo coa ponderación asignada a cada un dos requisitos esixidos, o que aporta datos para a selección de aspirantes e garante a transparencia na selección das persoas admitidas. Cando se observa que o perfil e/ou a formación previa das persoas solicitantes o require, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) esixe a estes/as estudantes cursar certos complementos formativos, coa finalidade de garantir a adecuación da súa formación para alcanzar satisfactoriamente os obxectivos e competencias do PD. Desde o curso 2017-2018, no que dous estudantes matriculados/as no programa requiriron cursar complementos formativos, só no curso 2022-2023 requiriuse que 1 estudante de novo ingreso, o que representou preto do 8% dos matriculados, cursase complementos formativos. Tratábase dunha persoa graduada en Física que presentaba un proxecto de investigación para traballar en técnicas de imaxe PET/SPECT en neurociencia (IPD7; Informe de indicadores ID-13). Os complementos formativos requiridos pola CAPD, consensuados coa persoa directora de tese e axustados ás necesidades do proxecto de tese a desenvolver, foron materias do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UDC e UVigo), que superou no tempo requirido (Evidencia EPD6). Nos últimos anos a maior parte dos/as estudantes matriculados/as no programa procedían de estudos de grao/máster, alcanzando no curso 2023-2024 o 91,6% na USC e o 94% no conxunto das universidades participantes (IPD5.0; Informe de indicadores ID-07). O incremento observado é consecuencia directa dos anos transcorridos desde a implantación do sistema de grao e máster asociado ao Plan Bolonia.

Nos últimos anos obsérvase unha tendencia á alza no número de estudantes matriculados/as no programa procedentes de universidades de fóra do SUG, que vai de arredor do 15% no curso 2018-2019 ata preto do 42% no curso 2023-2024, tendencia á alza que tamén se rexistra na UVigo, o

que é mostra do potencial de atracción de estudantes de fóra da comunidade do programa (IPD5; Informe de indicadores ID-09 e IPD05).

Respecto ás titulacións de procedencia dos/as estudantes matriculados/as no PD, os datos dos últimos cursos académicos recóllense na seguinte táboa:

Táboa 1. Perfil de ingreso do estudantado no PD Neurociencia e Psicoloxía clínica

	Curso 2019-2020	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022	Curso 2022-2023	Curso 2023-2024	Total
Bioloxía	5	4	3	5	5	22
Psicoloxía	6	6	15	10	6	43
Medicina	1	6	5	0	1	13
Outras titulacións	2	5	6	4	5	22
						100

Entre o curso 2019-2020 e o 2023-2024, o 43% das solicitudes de ingreso corresponderon con titulados/as en Psicoloxía, o 22% en Bioloxía, o 13% en Medicina e o 22% restante a outras titulacións (Fisioterapia, Enfermería, Farmacia, Biotecnoloxía, Enxeñaría en Saúde, Bioquímica e Física). A diversidade do perfil de ingreso parece ir en aumento á par que se amplía o catálogo de titulacións que ofertan as universidades. Unha vez máis, os datos indican o axuste das solicitudes ao perfil de ingreso, xa que o 99% das solicitudes nos últimos cursos procedían de persoas con titulacións do campo das Ciencias da Saúde e afíns. Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 observouse un incremento das solicitudes de graduados/as en Psicoloxía, posiblemente consecuencia do tipo de investigación que en xeral se realiza neste ámbito, máis facilmente compatible coa emerxencia sanitaria, volvendo a valores habituais no curso 2023-2024. Sen embargo, os/as titulados/as en Bioloxía que solicitan acceso no programa mantéñense en valores similares en todos os cursos analizados.

Nos últimos anos, os/as estudantes estranxeiros/as matriculados/as no programa representaron unha porcentaxe significativa, que oscilou entre o 8% e o 16 % na USC, a maioría de fóra do EEES.

Os datos na USC suxiren unha tendencia á baixa, a pesar de que o programa recibe e atende numerosas solicitudes de información, sobre todo de estudantes de latinoamérica e de oriente próximo. Isto podería explicarse porque estes/as estudantes atópanse con importantes dificultades para conseguir financiamento, a pesar de orientalos no proceso, o que supón unha limitación para que finalmente inicien os seus estudos de doutoramento. Sen embargo, na UVigo as porcentaxes de estudantes estranxeiros/as matriculados/as no programa mostraron unha tendencia á alza, con rexistros ente o 5% do curso 2019-2020 e o 26% do curso 2023-2024, coa excepción do curso 2020-2021 no que non se matriculou ningún estudante estranxeiro/a, feito posiblemente relacionado coa pandemia da COVID-19 (IPD6; Informe de indicadores ID-11, ID-12 e IPD06).

A distribución dos/as estudantes admitidos/as no PD por liñas de investigación estivo sempre en relación co número de profesores/as adscritos/as a cada unha e á capacidade de acollida e/ou de financiamento de que dispoñen os devanditos grupos en cada momento. Desde o programa fixéronse esforzos por promover a incorporación de estudantes en todas as liñas de investigación, proporcionando información sobre contratos e dando visibilidade ás actividades desenvolvidas polo seu estudantado e profesorado (ver apartados 1.5 e 2.2.). Segundo os nosos propios rexistros, desde o curso 2019-2020, todas as liñas de investigación contaron con estudantes matriculados/as, con datos similares de matrícula nos últimos cursos, aínda que se observa unha tendencia á alza nas liñas de Neurobioloxía e Farmacoxenómica en Neurociencia. Destaca o número de estudantes adscritos/as á liña de Psicoloxía Clínica e da Saúde e Psiquiatría, cun 41% dos matriculados no curso 2023-2024, todos graduados en Psicoloxía, en correlación coa tendencia á alza no ingreso deste perfil que se mencionaba anteriormente. A inherente lentitude da investigación experimental, e particularmente a investigación con animais de laboratorio, que sustenta en boa medida ao resto das liñas de investigación, puidera explicar este dato, xa que sen dúbida contribúe a alargar o período de tempo necesario para achegar unha adecuada produción científica que sustente unha tese de doutoramento. Este feito tamén limita a incorporación dun número superior de estudantes ás devanditas liñas de investigación. A tendencia a que se fai referencia é semellante para as tres universidades participantes neste programa de doutoramento.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.
Aspectos a valorar: • Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Os mecanismos utilizados polo programa para a supervisión dos/as estudantes de doutoramento durante os últimos cursos foron os establecidos polo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, que entrou en vigor no curso 2021-2022 logo da súa aprobación polo Consello de Goberno o 24/07/2020 (DOG, 16/09/2020). Aínda que ese regulamento foi recentemente modificado para axustarse ás novas disposicións normativas de ámbito estatal, os aspectos referidos á supervisión dos/as estudantes de doutoramento mantense, indicando que os/as titores/as e directores/as son os/as que, en primeira instancia, orientan aos/ás doutorandos/as e supervisan as actividades de investigación e formativas desenvolvidas, no marco do seu plan de investigación. Logo é a CAPD a que informa sobre a adecuación do proceso de investigación e formación desenvolvido polo/a doutorando/a. Segundo este regulamento, os/as estudantes solicitan, a través da Secretaría Virtual da universidade, a aprobación inicial ou posteriores modificacións, do seu plan de investigación, tras ser validado polo/s seu/s titor/a e director/es. Igualmente, introducen na Secretaría Virtual todos os datos relativos ás actividades formativas que realizan no contexto do programa e a tese de doutoramento. Anualmente, estas actividades son validadas e informadas polo seu titor/a (perfil autorizado). O documento de actividades é posteriormente avaliado pola CAPD, que emitirá o informe correspondente. En xeral, o seguimento de actividades inclúe, desde a asignación de titor/a e director/es de tese, a aprobación de plans de investigación e formación, o control das actividades de investigación e formativas realizadas durante o curso, e o control do tempo de permanencia do/a estudante no programa. O estudantado tamén realiza a través da Secretaría Virtual de modo

electrónico a solicitude de defensa da tese, acompañada da documentación correspondente, que enviará ao perfil autorizado para que a valide e comece a súa tramitación. Todos estes rexistros, solicitudes e actividades son seguidas a través da Secretaría Virtual, á que teñen acceso tanto a persoa coordinadora do programa como a persoa que asume as funcións de secretario/a académico/a que, coa colaboración do persoal administrativo de apoio, trasládana á CAPD para a súa valoración e aprobación, se procede (Evidencia EPD4 e Evidencia EPD5).

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Por tratarse dun PD interuniversitario, a coordinación entre as tres universidades participantes (USC, UDC e UVigo) faise a través da CAPD. Esta conta cunha representación de membros de cada universidade proporcional ao persoal docente e investigador (PDI) adscrito e ao número de prazas ofertadas en cada unha delas (8 membros pola USC, 2 pola UVigo e 2 pola UDC). Ademais da persoa coordinadora do programa na universidade responsable (USC), o programa conta cunha persoa coordinadora en cada unha das outras dúas universidades participantes (UDC e UVigo). Existe unha comunicación fluída entre os/as tres coordinadores/as e todos os asuntos e posibles incidencias resólvense coa mediación da CAPD, sendo os/as coordinadores/as en cada unha das universidades participantes os transmisores directos dos acordos tomados á súa respectiva universidade. Este sistema garante a coordinación e colaboración entre as universidades participantes, que durante o período obxecto de avaliación foron totalmente satisfactorias (Evidencia EPD7).

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As recomendacións relativas á xestión do título recollidas no informe final de seguimento 2016/2017, en termos de CONFORME e con data 20 de xullo de 2018 (Evidencia EPD2), suxerían a revisión dos criterios de admisión, potenciar que todas as liñas de investigación conten con doutorandos/as, así como impulsar a coordinación entre as institucións participantes e a vertebración entre os grupos de investigación. No proceso de modificación da memoria do programa, que recibiu un informe FAVORABLE por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) con data 18 de xullo de 2023 (Evidencia EPD2), realizouse unha revisión dos criterios de admisión e a ratificación da oferta de prazas en cada unha das universidades participantes. Por outra banda, desde o curso 2022-2023, estanse a desenvolver actividades formativas promovidas polo programa para os/as estudantes matriculados/as nel, que se ofertan, cando o perfil da mesma o permite, como actividades transversais para estudantes de doutoramento de Ciencias da Saúde a través da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS). Para intentar axustarnos ás necesidades do estudantado matriculado no noso programa, nese mesmo curso 2022-2023 realizamos unha enquisa de opinión para coñecer os tipos de actividades e temas de interese para eles, o que nos serviu para a súa organización. As actividades realizadas desde entón incluíron cursos de formación, seminarios e charlas ou talleres impartidos por expertos/as nacionais e internacionais. Dada a boa resposta do estudantado, e como acción de mellora, pretendemos consolidar a organización deste tipo de actividades formativas, sempre cinguíndonos ao presuposto dispoñible que as escolas de doutoramento asignan anualmente ao programa (Acción de Mellora PD_NPC-1, tarefa PD_NPC-1.1) e seguir realizando periodicamente enquisas de opinión para axustarnos ás súas preferencias e necesidades (Acción de Mellora PD_NPC-1, tarefa PD_NPC-1.2). No presente curso 2024-2025, a Vicerreitoría de Titulacións da USC publicou unha convocatoria para o financiamento de accións de mellora de programas de doutoramento, que contempla a organización de xornadas, cursos, etc. O programa realizou a solicitude correspondente, estando á espera da resolución, para a organización dunha xornada

sobre as saídas laborais dos/as titulados/as, dando mostra do compromiso pola mellora neste sentido. Por outra banda, e en colaboración co Máster Interuniversitario en Neurociencia pola USC, UDC e UVigo (Código RUCT: 4310850), os/as doutorandos/as do programa teñen a posibilidade de participar nas Xornadas de Mozos Investigadores en Neurociencia. Trátase dun evento coordinado entre as tres universidades participantes, que rotan anualmente a sede, concibido como un foro de intercambio científico e de formación para os/as estudantes participantes. Consideramos, como acción de mellora, promover a participación do estudantado matriculado no programa neste foro (Acción de Mellora PD_NPC-2, tarefa PD_NPC-2.1) e noutros similares, como as Xornadas de Mozos Investigadores que organiza anualmente a EDIUS (Acción de Mellora PD_NPC-2, tarefa PD_NPC-2.2). A participación nestas actividades contribuirá a dar visibilidade ás distintas liñas de investigación, ademais de potenciar a interacción e a colaboración entre as entidades participantes, os grupos de investigación e as persoas investigadoras en formación. Isto, sen dúbida, tamén redundará positivamente na formación e adquisición de habilidades e competencias de investigación do estudantado matriculado. En conxunto, consideramos que estas accións dan resposta ás recomendacións recibidas nos procesos de seguimento e renovación da acreditación.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA
CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.
2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
Aspectos a valorar: • Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. • A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A través das súas páxinas web, as tres universidades participantes no programa, é dicir, tanto a USC, como a UDC e a UVigo (Evidencia EPD11), contan cos mecanismos necesarios para comunicar a información relativa ao programa de doutoramento a todos os grupos de interese, dispoñendo ademais a UDC e a UVigo dunha ligazón á universidade responsable coordinadora (USC). A páxina web principal da USC, no punto de Estudos/Doutoramento, recolle os programas de doutoramento que oferta. No apartado de Admisión nos programas de doutoramento (https://www.usc.gal/es/admision/doctorado) proporciona información xeral a calquera grupo de interese, e especialmente para os/as estudantes, sobre a oferta de prazas, datas de admisión e matrícula, requisitos xerais de acceso, taxas, etc. dos estudos de doutoramento. Estas páxinas dispoñen de información completa e actualizada en tres idiomas (galego, castelán e inglés). Toda a información relevante sobre os programas de doutoramento está tamén dispoñible para todos os grupos de interese na páxina web da EDIUS: https://www.usc.gal/es/centro/escuela-doutoramento-internacional-usc, e dentro dela inclúese unha sección específica para cada un dos programas de doutoramento que se ofertan na USC: https://www.usc.gal/es/estudios/doctorados.

Toda a información actualízase regularmente e permite coñecer todos os aspectos relativos ao desenvolvemento do programa que de forma xeral se detallan a continuación:

1.- Información necesaria para a toma de decisións dos potenciais estudantes interesados/as no programa e outros axentes de interese do sistema universitario de ámbito nacional e internacional.

- Presentación do Programa de Doutoramento.
- Vías de acceso ao programa, perfil recomendado, requisitos de acceso e criterios de admisión.
- Información sobre a matrícula.

2.- Información para os/as estudantes matriculados/as no doutoramento, con acceso á información do plan de formación e dos resultados de aprendizaxe previstos.

- Memoria do Programa
- Obxectivos, competencias
- Liñas de Investigación e profesorado do programa
- Actividades formativas específicas
- Desenvolvemento do programa: Teses defendidas
- Resultados e indicadores do programa
- Recursos materiais

A información facilitada na web do programa (https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos/ciencias-saude/programa-doutoramento-neurociencia-psicoloxia-clinica) é coherente coa memoria verificada vixente do programa (Evidencia EPD1). A través das páxinas indicadas, xunto coa utilización do correo electrónico do PD (pd.neurociencia@usc.es), ou o dos seus respectivos coordinadores/persoal administrativo de apoio, as institucións participantes informan e orientan directamente aos/ás doutorandos/as sobre as características do programa, o seu desenvolvemento, os distintos trámites a realizar, así como dos prazos a cumprir e a documentación requirida, cando procede.

Durante o período que abrangue este informe, e como consecuencia dos procesos de migración das antigas páxinas web ás novas, na USC corrixíronse algunhas incoherencias e actualizouse e mellorouse significativamente a información dispoñible do programa. Compre salientar que se

incluíron ligazóns con información sobre o perfil docente e investigador do profesorado. Tamén se pode consultar información sobre a súa actividade científica a través dunha ligazón que dá acceso á Ficha no Portal Investigador e ao grupo de investigación ao que está adscrito. Engadiuse ademais información relevante referida ás teses defendidas no programa por curso académico e indicadores de calidade, dando así resposta a todas as accións de mellora referidas á mellora da información e transparencia recollidas no informe de seguimento anual do PD correspondente ao curso 2016-2017 (Evidencia EPD2). Consideramos, por tanto, que durante o período que se avalía se realizaron melloras importantes na información dispoñible para os/as doutorandos/as nas páxinas oficiais das tres universidades participantes. Sen embargo, e aínda que figuran na actual memoria verificada do título (Evidencia EPD1), sería desexable que na web do título se incluíse outra información específica do programa e que puidera ser de interese. Neste sentido, estase a facer un esforzo por manter a páxina actualizada, con información relevante para o estudantado. Unha opción que ofrece a páxina do programa, e que consideramos especialmente interesante, é o acceso á 'web propia (intranet)', que permite publicar información relevante e actual de forma áxil e sinxela. Neste espazo inclúese información específica do programa relativa á oferta formativa (cursos, charlas, etc. organizadas polo programa ou outras entidades), actas das reunións da CAPD, ofertas de contratos ou bolsas específicas do ámbito, formularios e impresos, etc. Ata fai pouco, o programa dispoñía dunha páxina web propia, cuxa información trasladouse á actual web institucional, o que consideramos concentra a información e facilita o acceso á mesma. Este feito dá resposta a unha das recomendacións incluídas no informe final de seguimento do curso 2016-2017 (Evidencia EPD2), que suxería a unificación da información dispoñible nas diferentes páxinas, de forma que o alumnado dispuxera da mesma información independentemente da ruta de acceso. A UDC e a UVigo tamén incluíron cambios nas súas propias páxinas web, co obxectivo de comunicar a través delas toda información necesaria para garantir a súa calidade e facilitar información homoxénea. Isto dá resposta tamén ás accións de mellora propostas en relación coa mellora da información e transparencia relativas a esas universidades e propostas no anterior informe de seguimento interno do programa correspondente ao curso 2022-2023. Desde o programa consideramos importante revisar e actualizar a información pública dispoñible na web, tendo en conta ademais a opinión dos/as estudantes recollida na enquisa do curso 2023-2024, que suxire marxe de mellora (IPD19). Sería de especial interese aportar

información sobre o perfil de egreso e saídas laborais do programa, recollidas na memoria verificada do título (Evidencia EPD1). Para elo, propoñemos a acción de mellora correspondente (Acción de Mellora PD_NPC-3), que consistiría en incluír información na web sobre o perfil de egreso (tarefa PD_NPC-3.1) e as saídas profesionais dos titulados (tarefa PD_NPC-3.2).

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre os programas de doutoramento da USC figura fundamentalmente en tres páxinas web relacionadas entre si (Evidencia EPD11): unha web pública destinada á catalogación xeral dos programas de doutoramento que oferta a USC; outra web pública con información detallada de cada programa e finalmente unha web/intranet privada de cada programa na que se recolle información moito máis específica (reunións e actas da CAPD, anuncios de cursos e conferencias, etc.). A todas elas accédese a través da web da EDIUS (https://www.usc.gal/es/centro/escuela-doutoramento-internacional-usc). Na páxina web da EDIUS atópase tamén a información común para todos os/as estudantes de doutoramento, coa intención de dar unha primeira visión dos programas ofertados e os diferentes procesos comúns no seu desenvolvemento. Presenta o seguinte esquema:

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)	
Apartado da web	**Información que se atopa neste apartado**
EDIUS	Goberno
	Directorio
	Formularios e modelos
	Arquivo
ESTUDOS	
ADMISIÓN E MATRÍCULA	
DOUTORANDOS/AS	Seguimento doutorandos/as
	Permanencia e baixas
	Convocatoria e axudas
	Calendario
	Preguntas frecuentes
FORMACIÓN	Actividades formativas transversais ofertadas pola EDIUS

A TESE	Idioma e formato
	Tipos de teses
	Mencións ao título
	Solicitude de defensa
	Tribunal
	Modalidades de defensa
CALIDADE	Calidade
	Órganos do SGC
	Indicadores
	Documentación do SGC

Nun segundo nivel desta web atópase a información de cada un dos programas de doutoramento organizada por grandes áreas de coñecemento. Neste apartado pódese consultar para cada programa unha presentación deste, o perfil de acceso, os criterios de admisión, as liñas de investigación, as actividades formativas establecidas no programa, os obxectivos do programa, as competencias, a memoria verificada, os indicadores de resultados, etc.

A información relativa ao PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica pódese consultar na seguinte ligazón: https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos/ciencias-saude/programa-doutoramento-neurociencia-psicoloxia-clinica (Evidencia EPD11). Nesta web, como indicamos no parágrafo anterior, atópase unha presentación do programa, información sobre o proceso de admisión, as liñas de investigación co profesorado asociado a cada unha, as actividades formativas establecidas no programa, obxectivos e competencias, recursos materiais, teses defendidas e composición da CAPD. Desde esta páxina o estudantado pode acceder á información detallada sobre o proceso de admisión, matrícula e taxas, contratos/bolsas de estudos e normativa e regulación sobre os estudos de doutoramento. Destacar que no proceso de mellora da información pública, engadiuse á paxina web información relativa ás teses defendidas no programa e ligazóns de acceso ao perfil docente e investigador de cada un dos/as profesores/as que integran as distintas liñas de investigación. Ademais, incluíuse un apartado de indicadores de calidade do programa (para detalles ver o apartado 2.3.). Con todo, e como indicamos no apartado 2.1, hai algúns aspectos da información pública que poden completarse e mellorarse, como a información relativa ás principais saídas laborais dos/as doutorandos/as e o seu perfil de egreso. Actualmente estase a traballar para mellorar estes aspectos,

o que se recolle na acción de mellora correspondente (Acción de Mellora PD_NPC-3) mencionada no apartado 2.1.

Igualmente, tanto a UDC (https://estudos.udc.es/es/study/detail/5027v01) como a UVigo (https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/doctorado/programa-doutoramento-neurociencia-psicoloxia-clinica-universidade-coruna-universidade-santiago-v01d032v06) contan cunha páxina web específica para o programa (Evidencia EPD11), cun contido similar ao indicado no caso da USC. Ambas as dúas páxinas conteñen unha ligazón á web da universidade responsable coordinadora do título (USC), que garante o acceso á información actualizada e uniforme, o que da resposta á recomendación de unificar a información dispoñible nas distintas páxinas, independentemente da ruta de acceso.

Por outra banda, aquela información que se considera de especial interese, como a relativa a prazos, convocatoria de contratos, cursos ou xornadas, entre outra, remítese ás persoas doutorandas e/ou profesorado do programa das tres universidades participantes a través do correo electrónico, ben desde os servizos correspondentes da propia universidade, ou desde o programa.

Como complemento a estes recursos informativos, e tendo en conta o uso xeneralizado das redes sociais, o programa creou no curso 2022-2023 unha conta en X (antigo Twitter; @pd_NeuroPsiClin) e no curso 2024-2025 unha conta en Bluesky (@pdnerocienciausc.bsky.social) coa finalidade de acadar maior alcance, aumentar a visibilidade do programa e das súas actividades, e crear canles de difusión de información relevante para os distintos grupos de interese.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos últimos anos a USC traballou no deseño e implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) para propiciar a mellora continua do desenvolvemento das actividades académicas de todas as titulacións, incluídos os estudos de doutoramento. O SGC da EDIUS completou a súa creación en febreiro de 2018, coa aprobación dos regulamentos de réxime interno. A documentación que

conforma o sistema marco de garantía de calidade da Escola de Doutoramento Internacional foi aprobada polo Consello de Goberno da USC na sesión celebrada o 29 de xullo de 2019. Unha vez aprobada enviouse á ACSUG para a avaliación do seu deseño. En decembro de 2019 a comisión avaliadora da ACSUG emitiu un informe favorable ao deseño.

As seguintes son as datas de aprobación das últimas versións por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno:

- O Manual do SGC da EDIUS - 06/10/2021
- O Manual de procesos da EDIUS - 30/09/2020

O SGC dos estudos de Doutoramento elaborouse de acordo cos seguintes criterios:

1. Incorporar o sistema no cadro xeral do SGC da USC, de forma que este amplíe o seu alcance aos estudos oficiais de grao, máster e doutoramento mantendo a súa estrutura que diferencia Procesos Institucionais e Procesos de Centro.

2. Adaptouse o formato de Manual de Centro do sistema marco para a Escola de Doutoramento Internacional.

3. No Manual de procesos de Centro mantivéronse os procesos xerais establecidos para Facultades e Escolas e, ademais, realizáronse as adaptacións na denominación de órganos e marco normativo e modificáronse aqueles que se deben adaptar ás peculiaridades da Escola de Doutoramento Internacional.

Os documentos que conforma o SGC da EDIUS son:

- Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional.
- Manual de Procesos da Escola de Doutoramento Internacional.
- Táboa de indicadores/evidencias e informes.

O Manual de Calidade é o documento principal, no cal se expón a política e os obxectivos de calidade, así como o seu alcance, e a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade. Ademais, detalla os procesos de funcionamento do SGC.

No Manual de Procesos descríbense os procesos de funcionamento do SGC. Isto é, as actividades desenvolvidas e os seus responsables. O deseño dos procesos do SGC da EDIUS realizouse atendendo ás directrices Fides Audit (ver Táboa 2).

Os procesos estrutúranse en tres niveis:

- Procesos estratéxicos, que comprenden a revisión e actualización da política e obxectivos de calidade, así como a revisión e actualización do SGC.
- Procesos crave, incluíndo aqueles relacionados coa análise do perfil de ingreso e captación, a planificación e o desenvolvemento dos ensinos, a atención aos/ás estudantes e a análise dos resultados.
- Procesos de apoio, relativos á xestión de recursos humanos e materiais, xestión de incidencias, xestión documental, así como os procedementos dirixidos á obtención de información sobre as necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Táboa 2. Relación entre os procesos do SGC e as directrices Fides Audit

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrada no/a estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública
Procesos EDIUS	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04		X	X	X	X	X

	Desenvolvemento das ensinanzas						
	PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos.					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X

A documentación que conforma o SGC atópase publicada na web da EDIUS: https://www.usc.gal/es/centro/escuela-doutoramento-internacional-usc/calidade.

A EDIUS e en particular a súa persoa directora como responsable de calidade da Escola, do mesmo xeito que a comisión de calidade da EDIUS (CCdEDIUS) e os/as coordinadores/as dos programas, son os encargados da difusión entre todos os grupos de interese dos documentos que conforman o sistema de garantía de calidade e de facer pública toda a información relevante dos programas impartidos na EDIUS, a cal se revisa e actualiza periodicamente. A dispoñibilidade desta información dá resposta á acción de mellora correspondente proposta no anterior informe de seguimento externo do programa correspondente ao curso 2016-2017 (Evidencia EPD2).

A páxina web da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) contén unha ligazón á información de calidade relativa aos estudos de doutoramento (https://udc.es/gl/eid/calidade/). Nela faise pública información sobre os procesos do SGC, informes de avaliación, enquisas de satisfacción, e os procesos de seguimento e renovación das acreditacións dos programas, incluído o de Neurociencia e Psicoloxía Clínica. Tamén están publicados a memoria e o informe anual dos resultados da escola, nos que se pode consultar os datos referidos a este programa. Por outra banda, a páxina web do programa (Evidencia EPD11) inclúe unha sección de resultados, con información sobre o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) que contempla a elaboración dun informe

de seguimento anual (ver o último Informe de Seguimento correspondente ao curso 2022-2023; Evidencia EPD17), cuxa finalidade é garantir que o título se desenvolva de acordo coa memoria verificada. Da análise realizada xorden accións correctivas e propostas de mellora que permitan alcanzar os obxectivos previstos e a mellora da titulación. Ademais, pódense consultar os indicadores de seguimento correspondentes aos últimos cursos académicos. Por tanto, consideramos que a incorporación desta información dá resposta á necesidade dun SGIC nesta universidade que se contemplaba no informe de seguimento previo.

Nos últimos anos a UVigo desenvolveu a web de Calidade, xa completamente operativa. Nesta universidade, a información relevante sobre o SGC dos PD está centralizada na web da Escola Internacional de Doutoramento (Eido), e pódese consultar na ligazón: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade. Nela publícase información relativa ao SGC desa universidade, seguimento e acreditación dos programas, medición da satisfacción global dos programas e inserción laboral, e información sobre o programa Estratexia de Recursos Humanos para Profesionais da Investigación (HRS4R), iniciativa da Comisión Europea cuxo obxectivo é implantar os estándares europeos de investigación na fase predoutoral e no resto da carreira investigadora. Tamén se poden consultar as actas da Comisión de Calidade da Eido. Nesta web existe unha ligazón ao Portal de Transparencia. A este portal tamén se pode acceder directamente desde a páxina principal da UVigo, a través da páxina de Calidade (https://www.uvigo.gal/universidade/calidade), con acceso directo a 'UVigo en cifras'. Este portal garante un acceso sinxelo á información específica dos resultados dos indicadores das titulacións oficiais, incluíndo o doutoramento. Por tanto, tamén neste caso implantáronse as accións correspondentes á acción de mellora proposta na memoria de seguimento anterior.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA	Ir a: EPD18
CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.	
3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.	

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de creación das Escolas de Doutoramento Internacional (EDI) na USC foi un proceso longo, que se iniciou coa solicitude de aprobación de catro Escolas de Doutoramento á Xunta de Galicia, especializadas en consonancia coas liñas estratéxicas de investigación, en xullo de 2016. Estas escolas foron creadas formalmente coa publicación do Decreto 91/2017 no DOG do 3/10/2017, e a súa constitución fíxose efectiva o 23/10/2017. Sen embargo, tras constatar a existencia dunha serie de deficiencias académicas e administrativas no seu funcionamento, o Consello de Goberno, na súa reunión do 28/05/2018, propuxo a creación da EDIUS, e a correspondente supresión das catro EDI e do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados (CIEDUS). A súa creación fíxose efectiva coa publicación do Decreto 118/2019, publicado no DOG do 04/10/2019. Nel, establécese a organización da EDIUS en catro seccións, cada unha delas coordinada por un/unha subdirector/a, que agrupan as cinco grandes áreas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias da Saúde, Ciencias e Enxeñarías (Evidencia EPD11).

Durante febreiro de 2019 efectuouse un redeseño do SGC da USC aplicable aos títulos de grao e máster que creou procesos institucionais que tamén son aplicables aos programas de doutoramento. En concreto, elaborouse unha nova versión do

proceso institucional, PI- 01 Deseño, e a modificación e extinción de programas. O devandito proceso asegura a elaboración dunha oferta de programas de doutoramento, adaptándoos ás necesidades e expectativas da sociedade e ao mercado laboral.

A iniciativa para a elaboración dunha nova titulación de doutoramento parte dos órganos de goberno da USC, de agrupacións de persoal investigador, de grupos de investigación ou da EDIUS. O proceso levouse a conforme á normativa vixente tanto interna como externa, relativa ao deseño e creación de programas de doutoramento oficiais. A vicerreitoría con competencia en titulacións será a responsable da súa tramitación dentro da universidade.

A iniciativa para a supresión dun título de doutoramento partirá do Comité de dirección da EDIUS, a proposta da comisión de calidade da EDIUS, ou das CAPDs. Debe contar cun informe favorable do Consello Social e a posterior aprobación do Consello de Goberno da USC, asegurando que a universidade adoptará as medidas necesarias para salvagardar os dereitos dos/as estudantes que se atopen matriculados/as no momento da supresión.

Por outra banda, o sistema de garantía de calidade da EDIUS asegura, a través dos seus procesos estratéxicos e clave, o desenvolvemento dos procesos de seguimento, renovación da acreditación e as posibles modificacións dos programas de doutoramento, a través da análise dos resultados dos programas adscritos a ela. Toda esta información emprégase para mellorar as titulacións e a política de calidade, e os obxectivos da EDIUS (https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/calidad/calidad-docencia/acreditacionestit). Podemos destacar como obxectivos principais:

- Asegurar a calidade do programa formativo ofertado, segundo os niveis de cualificación establecidos e os criterios expresados na normativa vixente.
- Garantir que a calidade das ensinanzas se corresponde cos compromisos adquiridos e verificados polos órganos de avaliación.
- Comprobar que o título obtivo un proceso de seguimento apropiado e que utilizou a información dispoñible para analizar o seu desenvolvemento e xerar e por en marcha as propostas de mellora pertinentes.
- Asegurar a dispoñibilidade e accesibilidade da información publica, válida, fiable, pertinente e relevante que axude á toma de decisión do estudantado e outros grupos de interese do sistema universitario nacional e internacional.
- Acercar recomendacións e/ou suxestións de mellora para o título que apoien os procesos internos de mellora da calidade do programa e do seu desenvolvemento, que deberán ser tidos en conta en futuros seguimentos e renovacións da acreditación.

As CAPD, a partir da información canalizada a través do/da responsable de calidade da EDIUS, analizan o grao de consecución das accións planificadas e dos obxectivos asociados a cada un dos indicadores definidos, co fin de avaliar a eficacia do programa.

Como consecuencia desta análise propóñense accións de mellora do PD en función dos resultados obtidos. Esta análise e a proposta de accións recóllense no autoinforme de seguimento/renovación da acreditación do programa.

A profundidade e a frecuencia coa que se elaborará o autoinforme de seguimento variará en función dos anos que leve implantado o Programa de Doutoramento. Os autoinformes serán aprobados na CAPD (Evidencia EPD17).

As CAPD elevarán á EDIUS todos os informes no marco do proceso "PE-02 Revisión e mellora", no que se realiza unha análise global dos resultados da EDIUS, do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade e elabórase o plan de melloras da EDIUS incluído na súa memoria de calidade.

Por outra banda, e a diferencia do anterior informe de seguimento onde se indicaba que a UDC non tiña un SGC formalmente implantado, a día de hoxe si conta cun SGC, cuxo deseño recibiu o informe favorable do Programa Fides-Audit o 15/12/2020 (https://www.udc.es/es/eid/calidade/). No caso dos PD, é a EIDUDC a responsable, e a súa Comisión Permanente quen actúa como Comisión de Calidade. O Manual do SGC da EIDUDC foi aprobado polo Comité de Dirección o 10/05/2018, e revisado e modificado sucesivamente ata a súa última versión aprobada o 15/12/2023. Nel defínense as políticas e obxectivos de calidade e os seus responsables, a xestión do SGC, o deseño, seguimento, modificación, acreditación e extinción dos PD, o perfil de ingreso, captación, selección e admisión, a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, a atención a estudantes, mobilidade e internacionalización, recursos humanos, recursos materiais e prestación de servizos, análise de resultados académicos, información sobre un sistema que garanta a atención a preguntas, felicitacións, suxestións, queixas e sistemática para garantir a recollida da satisfacción dos grupos de interese e información pública. Neste documento indícase que a iniciativa de creación dun novo programa oficial corresponde á UDC, en base á súa estratexia institucional, ás necesidades e expectativas dos grupos de interese detectadas a través de consultas internas e externas e ao entorno socioeconómico, ou á iniciativa de un ou varios grupos de investigación. Por outra banda, as modificación dos títulos, tanto substanciais como non substanciais, corresponden ás CAPD. Ademais, inclúe guías para a verificación dos programas e establece procedementos para a solicitude de modificacións dos mesmos. Cabe mencionar que a Política e Obxectivos Estratéxicos de Calidade da EIDUDC 2023-2026, aprobado o 15/12/2023, comprométese á mellora continua de todas as actividades vinculadas cos estudos de doutoramento (docentes, investigadoras e de xestión) e propón asegurar a implantación, desenvolvemento e

seguimento da oferta formativa e do propio SGC, co compromiso permanente de mellora continua e realización das accións necesarias para manter e mellorar a calidade.

En relación coa UVigo, o SGC ten carácter institucional e está dirixido e coordinado pola Eido. Como indicamos previamente, o deseño deste sistema é centralizado. Isto é, abarca todos os programas de doutoramento oficiais desa universidade. Tras a correspondente fase de deseño e desenvolvemento, a súa estrutura está totalmente definida. A Comisión de Calidade da escola, constituída o día 27/04/2017, aprobou o Manual de Calidade da Eido, modificado posteriormente con data 27/11/2018. Nel incorpóranse os obxectivos e política de calidade, e de xeito destacable podemos mencionar:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu regulamento de réxime interno (RRI),
- A política e obxectivos de calidade da Eido,
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade, que inclúe o Comité de Dirección, a Coordinación e a Comisión de Calidade, as CAPD, e o responsable de calidade do PD,
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco lexislativo e normativo do SGC, e
- O mapa de procesos do SGC.

As actas da Comisión de Calidade poden consultarse na ligazón: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/doctas/public/unidad/estudos-posgrao/cc-eido-actas-comision-de-calidade-da-eido.

O mapa de procedementos do SGC da Eido (véxase o Manual de Calidade indicado arriba), creado no marco do programa Fides-Audit, inclúe unha listaxe de procedementos vixentes:

- Procesos estratéxicos
  - Dirección estratéxica:
    - DE-01 Planificación e desenvolvemento estratéxico
    - DE-02 Revisión do SGC pola dirección
  - Xestión de Calidade e Mellora continua:
    - MC-01 Xestións de queixas, suxestións e parabéns
    - MC-02 Medición da satisfacción
- Procesos clave
  - Xestión dos programas:
    - XP-01 Deseño e aprobación
    - XP-02 Seguimento, mellora e acreditación, que se pode consultar na ligazón:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/estudar/organizacionacademica/EIDO/calidade/procedementos/XP-02.pdf

- XP-03 Suspensión e extinción

- Formación das/os investigadoras/es:

  - FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as

  - FI-02 Xestión da mobilidade

  - FI-03 Autorización e defensa da tese

- Xestión académica:

  - AC-01 Admisión

  - AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional

- Información pública:

  - IP-01 Información pública e rendemento de contas

- Procesos de soporte

  - Xestión documental:

    - XD-01 Control dos documentos

    - XD 02 Control dos rexistros

  - Xestión do persoal:

    - PE-01 Xestión do persoal de apoio

    - PE-02 Xestión do persoal académico

  - Xestión da infraestrutura:

    - IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos

O desenvolvemento destes procedementos, e en particular os procedementos XP-01 e XP-02, está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño e implantación dos programas (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/estudar/organizacionacademica/EIDO/calidade/procedementos/XP-01.pdf), así como o seu seguimento, mellora e renovación (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/estudar/organizacionacademica/EIDO/calidade/procedementos/XP-02.pdf). Tamén inclúen o tratamento dos plans de mellora dos diferentes informes de avaliación externa. Para isto, este traballo enfócase en 3 eixes:

- O respecto da lexislación e normativa,

- A aplicación das esixencias do programa Fides-Audit e do resto dos programas da ACSUG que afectan aos doutoramentos e
- A experiencia obtida nos procesos de deseño, implantación, acreditación e certificación dos centros e dos títulos de grao e máster (SGC dos centros), que permiten traballar con criterios de simplificación e eficiencia.

A documentación dos procedementos do SGC relativos ao doutoramento na UVigo pódese consultar na ligazón: https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia/sistema-garantia-calidade.

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilizalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC da EDIUS garante os mecanismos e procesos que permiten:

- Establecer os resultados previstos nas memorias de verificación dos programas de doutoramento.
- Medir os resultados alcanzados polos programas, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no concernente ao rendemento académico, satisfacción e cualificación do persoal, mobilidade.
- Analizar esta información e tomar accións de mellora.
- Publicar e difundir os resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles tanto para os membros dos programas de doutoramento como para a sociedade en xeral.

De acordo co "PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros", a área de Calidade e mellora dos procedementos, a partir da experiencia previa e da opinión dos diferentes programas, establece os resultados para medir e avaliar a eficacia do plan de estudos de cada un dos programas e é a responsable de analizar a fiabilidade e a suficiencia destes datos e do seu tratamento.

Por outra banda, de acordo co "PI-08- Análise de expectativas e medición da satisfacción das necesidades dos grupos de interese" obtéñense as opinións recollidas dos diferentes grupos de interese en relación cun ou varios dos procesos considerados no SGC. En concreto, no caso dos programas de doutoramento realízanse enquisas aos/ás estudantes, aos/ás

egresados/as, e aos/ás directores/as e titores/as de teses. A táboa de indicadores, evidencias e enquisas que se utilizarán publícase anualmente. A información obtida envíase ao/á responsable de calidade da EDIUS e aos/ás coordinadores/as dos programas de doutoramento para que a analicen, revisen e envíen ás CAPD.

En relación coa UDC, o seu SGC alcanza todos os PD que se imparten nesa universidade. Está constituído por procesos clasificados en dimensións ás que aplica, de forma individual e en conxunto, o ciclo de mellora continua: planificar, facer, verificar e actuar. Por tanto, establécese a necesidade de verificar o éxito obtido nas actividades e procurar a súa continuidade por medio das correspondentes accións de mellora derivadas da análise. É a Comisión Permanente da EIDUDC a responsable de revisar e analizar as evidencias e indicadores, aprobar os informes anuais de seguimento/renovación da acreditación e os plans de mellora dos programas, así como establecer accións de mellora, se é o caso. As CAPD tamén actúan como SGC do propio título. De feito, as súas funcións no ámbito da calidade tamén inclúen analizar evidencias e indicadores dos procesos do título e establecer accións de mellora, de ser o caso, propoñer as melloras relativas ao SGC, e elaborar e remitir á Comisión Permanente o Informe Anual de seguimento/renovación da acreditación e o correspondente Plan de Mellora (https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/calidade/SGC-EIDUDC-cas-2023-12-15-revisado-o-20-02-2024.pdf_2063069294.pdf). No caso dos programas interuniversitarios nos que a responsabilidade administrativa recae noutra universidade, como é o caso do PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica coordinado pola USC, son as persoas coordinadoras na UDC as responsables de manter actualizada a información pública e incorporar á aplicación informática as evidencias/indicadores que permitan a rendición de contas.

Na UVigo o seguimento das titulacións oficiais ten como obxectivos:

- Asegurar a execución efectiva das ensinanzas, conforme ao recollido no plan de estudos da titulación implantada, xunto coas modificacións aprobadas.
- Identificar deficiencias ou desviacións e boas prácticas na implantación do plan de estudos, que leven a establecer melloras no seu desenvolvemento.
- Asegurar a dispoñibilidade de información para os seus grupos de interese de acordo con criterios de transparencia e accesibilidade.

Respecto aos títulos de doutoramento, os procesos están completamente definidos no marco do SGC de doutoramento da UVigo. Este contempla como funcións da Comisión de Calidade da Eido o seguimento, modificación e acreditación dos seus PD adscritos, así como propoñer as melloras pertinentes. Esta comisión reunirase polo menos dúas veces ao ano no marco da revisión dos resultados. Ademais, a CAPD de cada programa debe nomear a un/unha responsable de calidade, que ten como función a de colaborar coa Eido e, en particular, con quen coordine a calidade, no desenvolvemento, implantación,

seguimento e mellora dos procesos de calidade no programa. No caso do noso programa, nomeouse o responsable de calidade por esta universidade na reunión da CAPD do 04/03/2021 (Evidencia EPD15).

A UVigo, no seu procedemento "XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas" (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/estudar/organizacionacademica/EIDO/calidade/procedementos/XP-02.pdf), indica onde se deben atopar as evidencias, indicadores e informes das actividades realizadas no marco do programa, necesarios para os procesos de seguimento, mellora e acreditación dos títulos, que permiten analizar os datos para a toma de decisión oportunas. Por outra banda, tamén dispón no seu Portal de Transparencia dun apartado específico con datos estatísticos e panel de indicadores desa universidade, onde atopar rexistros históricos con información sobre as titulacións oficiais de doutoramento (número de matriculados/as, estudantes estranxeiros/as, liña de investigación, estudantes con bolsa/contrato, teses defendidas, etc.) (https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/22/72). Ademais, a UVigo realiza enquisas de satisfacción do doutoramento ao estudantado, profesorado e Persoal Técnico, de Xestión, de Administración e de Servizos (PTXAS), referidos ao primeiro e terceiro ano de doutoramento, cuxos resultados desde o curso 2015-2016 ata o 2023-2024 son públicos e están dispoñibles na ligazón: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/84.

Un aspecto que cabe destacar é que na web da UVigo pódese consultar o informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento nesa universidade, impulsado polo Consello Social e levado a cabo polo Observatorio de Persoas Tituladas durante o ano 2022. Trátase dun estudo global relevante, con información socio-demográfica, académica e de emprego, recadada desde a creación da UVigo en 1995 ata o curso 2019-2020 (https://observatorio.uvigo.gal/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-doutoramento-1995-2020/).

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC da EDIUS conta con procedementos que permiten analizar e revisar o SGC periodicamente. O Manual de Procesos da EDIUS, aprobado pola Comisión de Calidade o 30/09/2020, recolle os procedementos relacionados co ciclo VSMA (verificación, seguimento, modificación e acreditación) e garante a recollida da información e a súa análise para a toma de decisións. En concreto, a través do "PE-02-Revisión e mellora" revísase e actualízase:

- A política de calidade da EDIUS
- Os obxectivos de calidade e o plan de melloras
- O funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)
- Os resultados dos programas de doutoramento

A Comisión de calidade da EDIUS é a responsable de analizar o funcionamento global do SGC da escola e os resultados dos diferentes programas formativos en base ás propostas e reflexións das diferentes comisións académicas dos programas de doutoramento. Esta análise queda recollida na memoria de calidade da escola, que debe conter polo menos unha análise da seguinte información:

- A vixencia da Política de calidade
- O funcionamento e os resultados dos diferentes procesos considerados na SCG
- A evolución do grao de cumprimento do Plan de melloras da anualidade anterior
- A proposta do Plan de Melloras
- Cambios nos procesos que conforman o SGC

Por tanto, está asegurada a recollida de datos e a xeración de evidencias e indicadores necesarios para a revisión do sistema, imprescindibles como apoio aos procesos de seguimento e renovación da acreditación, elaborando os informes de indicadores e recollendo a información requirida pola ACSUG.

Outro aspecto importante é o relativo á obtención de información sobre necesidades e satisfacción dos grupos de interese que se leva a cabo a través das enquisas feitas aos/ás titores/as, directores/as de teses lidas, estudantes dos programas e egresados/as, garantindo deste xeito a súa participación na mellora continua dos programas. Na procura dun maior grao de

participación, dada a relevancia desta información, o Plan de Melloras 2021-2022 da USC inclúe dúas accións de mellora neste eido:

- AM-05 Fomentar a participación nas enquisas incluídas no SGC e melloras nas ferramentas de xestión empregadas para elas, para a mellora da fiabilidade e precisión do SGC.
- AM-06 Promover o contacto con egresados/as e a súa implicación na garantía da calidade do proceso ensino/aprendizaxe na USC, para a análise da empregabilidade e a identificación de necesidades de formación continua.

Ademais, desde o propio programa e conscientes da súa importancia, promóvese a participación nestas enquisas por parte de todos os grupos de interese mediante recordatorios a través do correo electrónico institucional.

Por outra banda, as CAPD e a EDIUS deberán ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso "PS-05 Xestión de incidencias" (SQR), que poidan afectar á planificación de actividades formativas. Tamén se terán en conta os resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións que teñan que ver con este eido.

Por mor da modificación do RD 99/2011 polo RD 576/2023 que conlevou unha serie de cambios de calado nos estudos de doutoramento, o SGC e os seus documentos asociados revisáronse durante este curso 2024/2025, estando pendente a modificación do seu informe por parte da área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, e a súa posterior aprobación polo Comité de Dirección da EDIUS e da Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC, que se realizará proximamente.

Na UDC tamén se contempla a revisión e actualización do SGC da EIDUDC como parte da responsabilidade do equipo reitoral. Ademais, existe unha Unidade Técnica de Calidade (UTC), responsable da elaboración da documentación marco do SGC, que revisa a documentación do SGC da EIDUDC, e dá apoio técnico á escola na xestión do SGC e no ciclo de vida VSMAE (verificación, seguimento, modificación, acreditación, extinción) dos títulos de doutoramento. Como indicamos no apartado 3.1, o Comité de Dirección aproba as modificacións do SGC e revisa e actualiza a política e obxectivos estratéxicos de calidade, para garantir unha cultura da calidade que contribúa á mellora continua.

No Manual e Procesos do SGC da EIDUDC inclúese a relación de grupos de interese (alumnado, PDI, persoal de apoio, egresados/as, empregadores/as e a sociedade en xeral) e o modo de participación e rendición de contas no SGC (https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/calidade/SGC-EIDUDC-cas-2023-12-15-revisado-o-20-02-

2024.pdf_2063069294.pdf). No caso do alumnado, PDI e persoal de apoio a súa participación materialízase a través da participación nos órganos de representación, enquisas de satisfacción e preguntas/felicitacións/suxestións/queixas. Os/as egresados/as e empregadores/as, participarían a través da invitación ás reunións dos órganos de representación, enquisas de satisfacción e a través das preguntas/felicitacións/suxestións/queixas, mentres que a participación da sociedade en xeral garántese a través de preguntas/felicitacións/suxestións/queixas.

A política e obxectivos de calidade da Eido da UVigo formaliza a estratexia da escola sobre a calidade e, polo tanto, o seu compromiso coa calidade e a mellora continua. A implantación desta política garántese, entre outros, a través da súa revisión periódica, co obxecto de garantir a súa continua adecuación e vixencia. O Comité de Dirección da Eido, como órgano colexiado, é o responsable dos SGC dos seus PD, é dicir, do seu desenvolvemento, implantación, revisión e mellora. Por outra banda, a comisión reunirase polo menos dúas veces ao ano no marco da revisión de resultados. Ademais, seguindo as directrices do programa Fides-Audit, requírese a revisión periódica e mellora dos programas formativos, incluíndo os títulos de doutoramento.

O SGC da Eido contempla satisfacer as expectativas e necesidades dos seus grupos de interese e promover a participación dos diferentes grupos de interese. De feito, a Comisión de Calidade ten representación dos distintos grupos de interese, e está integrada por: a dirección, o/a coordinador/a de calidade, un responsable de calidade dos PD por cada ámbito de coñecemento, o/a xefe/a do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, un representante do estudantado de doutoramento e da dirección da Área de Calidade. Participarán tamén, como invitados con voz pero sen voto, un representante do estudantado egresado e un representante das entidades colaboradoras representadas no Comité de Dirección da Eido. Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no Procedemento de Control dos Documentos (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-06/Procedementos%20Soporte.pdf).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O PDI é suficiente e axeitado, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2023-2024, o PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica pasou a contar con 76 persoas que conformaban o seu cadro de PDI (tras 6 incorporacións e 1 baixa), respecto ás 70 que o integraban no curso 2022-2023. Na actualidade, e tras a incorporación dunha nova profesora, o programa conta cun total de 77 PDI. Dentro do cadro de profesorado do programa, 56 están adscritos á USC, 4 á UDC, 10 á UVigo e 7 son investigadores/as externos/as adscritos/as a distintos hospitais, institutos de investigación sanitaria de Galicia e centros de educación superior de Portugal (Evidencia EPD19 e EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada). Aproximadamente un 98% do PDI do programa posúe tramos de investigación (sexenios) (Indicador IPD15; Informe de indicadores ID-27 e EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada), dos que ao redor do 85% posúe sexenios vivos (Indicador IPD15; Informe de indicadores ID-28). O número total de sexenios acumulados entre o profesorado das tres universidades participantes é de 213 (Indicador IPD15; EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada), sendo o número medio de sexenios por PDI de 3,67 no curso 2023-2024 na USC (Indicador IPD15; Informe de indicadores ID-26), e no curso actual de 3 na USC, 2,5 na UDC e 2,6 na UVigo (EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada). Consideramos que estes datos

dan mostra dunha intensa actividade científica continuada e son claro indicativo da alta cualificación investigadora do PDI do programa. Entre os cursos 2020-2021 e 2022-2023 observouse unha lixeira tendencia á baixa no número de sexenios acumulados polo PDI do programa (Indicador IPD15; Informe de indicadores ID-25), que estaría relacionada coa xubilación/baixa de 4 profesores/as, todos eles catedráticos de universidade que posuían un total de 26 sexenios. En paralelo, incorporáronse no programa, desde o curso 2020-2021, 13 investigadores/as novos/as ao cadro de profesorado, o que garante a dispoñibilidade de recursos humanos do programa para a supervisión de estudantes. Esta circunstancia tamén explica que unha parte moi pequena do PDI, ao redor do 2%, non posuíra sexenios de investigación no curso 2023-2024 (Indicador IPD15; Informe de indicadores ID-27 e EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada), xa que se trataría de persoal novo, en particular Profesores Axudantes Doutores ou Permanentes Laborais, que non recibira aínda a resolución da solicitude. Tamén se incorporaron ao programa 3 investigadores/as Ramón y Cajal (Programa da Agencia Estatal de Investigación), un deles na actualidade xa convertido en Profesor Permanente Laboral, e 1 Investigador Distinguido-Oportunius, (Programa da Xunta de Galicia), ambas a dúas figuras de excelencia e recoñecido prestixio investigador, pero que non teñen a posibilidade de solicitar sexenios. Compre subliñar que todos os profesores do programa teñen acreditada a súa cualificación e produtividade investigadora, xa que é requisito indispensable que conten con méritos equivalentes a un sexenio de investigación tanto para a súa inclusión no cadro de profesorado do PD como no rexistro de directores/as de tese das tres universidades participantes.

Este PD conta con 28 grupos de investigación, catro máis que os rexistrados no último informe de seguimento anual 2016-2017: 21 na USC, 1 na UDC e 6 na UVigo, superando os 150 investigadores/as PDI e os 75 investigadores/as en fase de formación e perfeccionamento (Evidencia EPD20), o que apoia a cualificación e experiencia investigadora. A isto súmase que o programa conta con persoal investigador adscrito a centros de recoñecido prestixio como o Centro Singular de Investigación en Enfermidades Crónicas e Medicina Molecular (CiMUS) da USC, recentemente recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, recoñecemento que se concede a centros destacados polo seu impacto científico e liderado internacional. Parte do persoal está adscrito ao Centro de Investigación Singular en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio) da UVigo, o Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS) da

USC, o Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) da UDC, e os Institutos de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) e Galicia Sur (IISGS). Recentemente, creouse o Instituto de Psicoloxía da USC (IPsiUS; https://www.usc.gal/es/investigar-usc/investigar/institutos-centros-investigacion/institutos/IPsiUS), ao que pertence persoal investigador vinculado e en formación do noso programa. Este instituto créase como unha estrutura de coordinación e colaboración na investigación, básica e aplicada, en Psicoloxía para que os grupos e persoas que o integran poidan acadar maior impacto e desenvolvemento do seu potencial de transferencia e proxección internacional. Ademais, o programa conta con grupos de investigación adscritos a prestixiosas redes de investigación nacionais como o Centro de Investigación en Rede CIBER, do Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), o que avala a excelencia científica (ver apartado 5.1.).

Respecto á súa cualificación docente, contamos con 16 Catedráticos de Universidade, entre eles 1 Profesor *Ad Honorem* e 1 Catedrático Emérito, 36 Profesores Titulares, 6 Profesores Contratados Doutores, 3 Profesores Axudantes, 2 Profesores Permanentes Laborais, 2 Profesores Asociados, e 5 profesores doutras categorías (2 investigadores/as Ramón y Cajal, 1 investigador Oportunius, 1 investigador Doutor e 1 investigador R3) o que garante a súa experiencia docente. A través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) na UDC e do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) da UVigo, facilítase ao PDI a actualización e continuación da súa formación docente e investigadora. A EDIUS ofrece un itinerario de formación transversal dirixido a titores/as, directores/as de teses e coordinadores/as de estudos de doutoramento, tendo en conta as competencias e habilidades requiridas nos distintos postos e facetas. A isto engádense as actividades formativas que organizan os propios grupos e os centros aos que están adscritos.

Por outra banda, a USC comezou no 2016 o proceso de implantación do programa de recursos humanos para profesionais da investigación HRS4R. Tras analizar as carencias e elaborar un plan para emendalas recibiu en febreiro do 2017, a través do EURAXESS-Research in Motion da Unión Europea, o “HR Excellence in Research”, que recoñece que as políticas e procesos de recursos humanos da universidade ofrecen un entorno laboral de excelencia para o desenvolvemento da carreira do seu persoal investigador, homologado cos máis altos estándares europeos. Na actualidade, conta cun Plan de Acción 2022-2025 que inclúe plans para o desenvolvemento da

carreira investigadora, políticas, procedementos e información sobre as condición laborais, así como accións e prioridades para a continua mellora.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma axeitada, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de prazas para a admisión de estudantes no PD faise en base aos recursos humanos e materiais de que dispón o programa en xeral, e cada unha das liñas e grupos de investigación en particular. No curso 2023-2024 contabilizáronse 76 PDI e 148 investigadores/as (Evidencia EPD19 e Evidencia EPD20), o que consideramos adecuado e suficiente para un total de 94 estudantes matriculados/as no programa nese curso (65 pola USC, 2 pola UDC e 27 pola UVigo) (Indicador IPD4; Informe de indicadores ID-06). Ademais, como se indicou no punto anterior, o PD fixo esforzos nos últimos anos por incorporar novo profesorado ao seu cadro: 12 novos investigadores/as nos últimos anos, incluíndo investigadores/as Ramón y Cajal e Oportunius, 6 deles no curso 2023-2024. Consideramos que este é fundamental para garantir a renovación do PDI e contar cun número suficiente para desenvolver as funcións de titorización e dirección, supervisar aos estudantes matriculados/as na actualidade e poder incorporar novo estudantado nos próximos cursos.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na USC, coordinadora do PD, a labor de titorización de dirección de teses é recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado. O mecanismo de cómputo do labor de titorización e dirección de teses está recollido no Regulamento de Planificación Académica (https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/organizacion-docente). Este recoñecemento foi aprobado no Pleno Ordinario do Consello de Goberno do 25/11/2024. Igualmente, o Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, no seus artigos 25 e 26, establece que o labor de titorización e de dirección de teses será recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

A actividade investigadora polas titorizacións e direccións de teses recoñécese en horas docentes equivalentes (HDE) da seguinte maneira:
Dirección e titorización de tese de doutoramento defendida nos dous anos naturais anteriores a aquel no que se realiza a convocatoria de HDE (cun límite máximo de 75 horas).

1. Dirección de teses defendidas:
- Teses cun/cunha só director/a: 25 HDE. No caso de teses con Mención Internacional, con Mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 35 HDE.
- Teses con dous/dúas directores/as: 12 HDE a cada director/a. No caso de teses con Mención Internacional, con Mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 17 HDE a cada director/a.
- Teses con tres directores/as: 8 HDE a cada director/a. No caso de teses con Mención Internacional, con Mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 11 HDE a cada director/a.
As HDE equivalentes polas distintas mencións non son acumulativas.

2. Titorización de teses defendidas: 5 HDE.
3. Dirección e titorización de doutoramento en curso (cun límite máximo de 25 HDE)
i. Dirección de tese: 5 HDE
ii. Titorización de tese: 2 HDE. Para o recoñecemento destas HDE a tese debe ter a súa última avaliación anual.

Este mesmo Regulamento contempla o recoñecemento da actividade docente para actividades formativas de doutoramento. Así, a EDIUS dispoñerá dun número de HDE que poderá asignar ao PDI que participa en actividades formativas de doutoramento validadas pola Escola.

Do mesmo xeito, o Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 17/07/2012 (última modificación do 30/09/2021), indica tamén nos seus artigos 9 e 10 que esta universidade recoñecerá o labor de titorización e dirección de teses de doutoramento como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/009768/document?logicalId=843bdb49-a4ea-4c74-b13d-9b9fadad87cf&documentCsv=MOEUOHD1EMRPJT5APK09H63C), cunha redución máxima de 30 horas docentes equivalentes por curso académico, seguindo o seguinte criterio: cada tese de doutoramento dirixida e defendida durante os dous últimos anos computa como 15 horas de docencia equivalente á persoa directora; no caso de codirección, estas horas distribúense de maneira equitativa entre os/as directores/as, tendo esta mesma consideración a labor de dirección de tese en réxime de cotutela. Ambas as dúas exencións concrétanse cada curso académico na normativa pola que se regula a dedicación do PDI (https://www.udc.es/es/normativa/profesorado/index.html).

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo, aprobado en Consello de Goberno o 27/02/2020, tamén recoñece o labor de titorización e dirección de teses de doutoramento como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado. Esta información pódese consultar nos artigos 9 e 10 da normativa (https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/368).

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de tese. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A participación de expertos internacionais en tribunais de tese está garantida en todas as teses con Mención Internacional. No curso académico 2023-2024 a porcentaxe de participación de expertos internacionais en tribunais de teses na USC foi do 22%, cunha clara tendencia á alza nos últimos anos, tendo en conta que os datos do curso 2018-2019 estaban en torno ao 4,4% e no 14,6% no curso 2022-2023. A porcentaxe de expertos internacionais en tribunais de tese na UVigo no curso 2023-2024 situouse no 33% (Indicador IPD17; Informe de indicadores ID-30 e IPD17). Isto está en relación co número de teses defendidas con Mención Internacional, que representou o 25% nos cursos 2021-2022 e 2023-2024 e alcanzou o 50% nos cursos 2019-2020 e 2022-2023 na USC, mentres que na UVigo representaron o 20% no curso 2020-2021 e o 50% no curso 2023-2024 (EPD23_2019-2020_2024-2025; Indicador IPD18.7; Informe de indicadores ID-44 e IPD18-08).

Outro dato a valorar en relación á internacionalización do programa é a porcentaxe de directores/as estranxeiros/as sobre o total do programa, que pasou de aproximadamente o 3,5% nos cursos 2018-2019 ao 2020-2021, ao 5,5% entre os cursos 2021-2022 e 2023-2024, observándose unha lixeira tendencia á alza respecto a cursos anteriores (Informe de indicadores ID-29).

O grao de internacionalización do programa tamén se pode valorar tendo en conta o número de estudantes estranxeiros/as nel matriculados/as, que representou o 8% no curso 2023-2024 (Indicador IPD6; Informe de indicadores ID-11), dos que arredor do 1,5% procedían de países do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) (Indicador IPD6; Informe de indicadores ID-12).

Igualmente, o PD recibe investigadores/as visitantes estranxeiros/as que elixen as nosas universidades para completar a súa formación. Temos constancia no curso 2023-2024 da realización de 4 estadías entrantes no programa, tres delas de investigadores/as procedentes do estranxeiro, dentro das cales dúas corresponden a estudantes de fóra do EEES (Colombia e Ucraína). Sen embargo, consideramos probable que o número sexa significativamente superior, xa que en moitos casos o PD non recibe comunicación formal da realización destas estadías. Reflexo tamén da internacionalización do programa é a realización por parte dos nosos/as estudantes de estadías de investigación no estranxeiro, que sumaron 27 nos 4 últimos cursos: 10 no 2020-2021, 7 no 2021-2022, 3 no 2022-2023 e 7 no 2023-2024 (Táboa 3). Aínda que se rexistrou unha diminución das estadías realizadas no curso 2022-2023, os datos mostran unha subida no curso 2023-2024. Das

estadías realizadas no período sinalado, 25 desenvolvéronse en centro de prestixio europeos, e 2 nos Estados Unidos.

Táboa 3. Estadías en centros de investigación no estranxeiro (saíntes) do estudantado do PD Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Curso 2020-2021	Curso 2021-2022	Curso 2022-2023	Curso 2023-2024	Total
10	7	3	7	**27**

Estes rexistros prevese que se incrementen nos próximos anos, como resultado da posta en marcha do Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC, como parte do seu Plan Estratéxico 2024-2026 aprobado polo Consello de Goberno o 25 de xuño de 2024, que contempla promover a mobilidade do seu estudantado e profesorado, a atracción de estudantado e PDI estranxeiro e a internacionalización da docencia e, no caso particular dos estudos de doutoramento, pretende a promoción das teses en cotutela e as teses con Mención Internacional.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características do mesmo e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as función e atender ao persoal docente e estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O apoio administrativo aos PD na USC está articulado en diferentes niveis:

- Para cada PD:
  - Xestións administrativas do alumnado (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos, etc.) a través do Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión

Académica.

- Desenvolvemento ordinario dos doutoramentos e trámites relacionados coas teses a través do persoal de administración vinculado á EDIUS.
- Para o apoio á coordinación do PD e á CAPD nas súas competencias, cada programa conta con persoal de apoio á coordinación, situado no centro ao que estea vinculado a persoa coordinadora.

- A nivel xeral:

- Apoio á oferta, verificación e modificación de programas de doutoramento (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica [SXOPRA])
- Apoio ao seguimento e acreditación dos programas a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.

Por outra parte, existen tamén unidades centrais que prestan os seus servizos a departamentos e grupos de investigación como ferramentas de apoio á investigación:

- Biblioteca Universitaria, que é unha unidade funcional concibida como un centro de recursos bibliográficos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe.
- Arquivo Universitario, que constitúe unha unidade funcional de apoio á investigación e á docencia. Está constituído por fondos documentais propios ou en depósito.
- Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT), que é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común que prestan servizos de apoio á investigación da USC.

En relación coas oportunidades de formación, a USC dispón dun Programa de Formación para PTXAS, cun obxectivo múltiple, tal e como expresa o Plan Estratéxico da USC 2024-2026: prover ao persoal de xestión, administración e servizos da formación e habilidades en campos diversos que lles permita avanzar na súa carreira profesional, desenvolver o seu talento e mellorar as oportunidades de promoción. Para isto disponse dunha partida orzamentaria coa que, de maneira anual, o Centro de Formación de Persoal planifica e xestiona ese Programa.

Da detección das necesidades formativas e da recollida das propostas do persoal relacionadas coa formación encárgase a persoa responsable da Xestión na Escola de Doutoramento Internacional.

Despois de detectar as necesidades comunícallas ao Centro de Formación de Persoal, e é este quen, de acordo coa Xerencia, elabora un plan de formación, valorando se estas necesidades requiren unha actuación organizada desde a propia universidade ou se a formación debe ser externa. O/a responsable de Xestión da Escola recibirá unha comunicación sobre a aceptación ou o rexeitamento da proposta de acción formativa que remitiu.

A eficacia das accións formativas desenvolvidas é avaliada no marco do proceso "PE-02 Revisión e mellora", tendo en conta a participación nas actividades do persoal dos programas e a satisfacción con esa formación, o cal permitirá detectar posibles novas necesidades.

Pola súa banda, a UDC dispón dun programa de formación do PTXAS anual, ao que se accede a través da dirección https://www.udc.es/gl/pas/formacion/?language=en. O obxectivo deste programa é mellorar as competencias profesionais do persoal, incrementando a súa adaptación ás innovacións tecnolóxicas e aumentando a calidade do servizo. Para o seu desenvolvemento, conta cunha Comisión de Formación, que é o órgano colexiado responsable de asistencia á Xerencia en materia de formación do PTXAS. O programa formativo da UDC ofrece a posibilidade de solicitar formación específica na propia universidade ou formación externa, a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) ou de diferentes entidades vinculadas ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

A UVigo conta tamén cun programa para a formación do seu PTXAS, que se configura como un instrumento fundamental nunha organización que considera como vectores básicos da súa actuación a responsabilidade social, a orientación ás persoas usuarias, a mellora do clima laboral e, dunha maneira específica, a oferta de oportunidades concretas e reais de desenvolvemento profesional do seu persoal. De feito, dispón dun Regulamento da Formación do PTXAS (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/regulamento_formacion_pas.pdf), que pretende facilitar a xestión das actividades formativas e as oportunidades de que cada traballador poida atopar e elaborar o seu propio itinerario de formación, no seu obxectivo de mellorar a súa capacitación, desenvolvemento persoal e profesional, adaptación ás innovacións tecnolóxicas e aumento da calidade do servicio que se presta á sociedade.

A CAPD deste programa de doutoramento considera que o PTXAS asignado ao programa é axeitado, e realiza funcións esenciais de soporte á xestión dos aspectos administrativos. Aínda que en

determinados momentos do ano a carga de traballo do PTXAS, e particularmente do persoal de apoio do PD, pode resultar importante xa que compatibilizan a xestión administrativa de departamentos, decanatos e outros programas de doutoramento, o traballo realizouse de forma eficiente e satisfactoria.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS	Ir a: EPD22
CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materias e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.	
5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación ao número de doutorandos de cada liña de investigación e á natureza e características do programa.	
Aspectos a valorar: • Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa. • Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadías no estranxeiro ou outras universidades. • No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Seis dos grupos de investigación incluídos na actualidade neste programa de doutoramento están adscritos ao CiMUS (https://cimus.usc.gal/gl), incluído dentro do proxecto Campus Vida (Campus de Excelencia Internacional, MEC-MICINN, 2009) e que conta co recoñecemento como Centro de Investigación de Excelencia do Sistema Universitario de Galicia (CIGUS; ED431G/2023/02), que é unha superestrutura promovida pola Xunta de Galicia para fortalecer e potenciar a investigación de excelencia. Como xa indicamos, recentemente o CiMUS obtivo a distinción como Unidade de Excelencia María de Maetzu, que se outorga a centros de referencia e claros expoñentes da calidade e relevancia da investigación científica de fronteira que se realiza en España. Isto supón un	

recoñecemento ás modernas instalacións que posúe este centro, así como ao impacto e calidade da súa produción científica. Todo isto supón unha garantía en canto a recursos materiais e facilidades para a obtención de recursos externos para o alumnado deste PD. Tamén contamos con investigadores/as adscritos/as ao IDIS (https://www.idisantiago.es/), centro de investigación biomédica de marcado carácter transnacional que aproveita as sinerxías do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) e a USC para impulsar, promover e fomentar a investigación de excelencia, o coñecemento científico e tecnolóxico e a súa posterior translación ao sector produtivo, así como a docencia e a formación co obxectivo de mellorar a saúde da poboación. Ademais, outros grupos de investigación dispoñen de laboratorios e recursos de investigación nas Facultades de Medicina, Bioloxía-CIBUS, Farmacia e Psicoloxía. Cabe destacar neste último caso que no ano 2024 se creou o IPsiUS, como centro de colaboración da investigación básica e clínica nos campos da saúde mental e o benestar das persoas e comunidades, creando as condicións necesarias para optar á acreditación como Centro de Investigación de Excelencia da Rede CIGUS26.

O profesorado da UDC pertence ao grupo de investigación Neuroanatomía de Vertebrados (Neurover), adscrito á facultade de Ciencias da UDC e ao CICA (https://cica.udc.gal/), que conta con recursos materiais e medios adecuados para o desenvolvemento da súa investigación.

Por outra banda, respecto á UVigo, parte do profesorado do programa está adscrito a grupos de investigación que contan con laboratorios, materiais e equipamentos na Facultade de Bioloxía e no Cinbio (https://cinbio.es/), recoñecido no ano 2016 como Centro Singular, con instalacións e infraestruturas que favorecen o intercambio de coñecementos, recursos e tecnoloxías tanto entre os propios grupos como con outras entidades de investigación e mesmo a industria. Igualmente, parte do profesorado do programa pola UVigo está adscrito ao IISGS (https://www.iisgaliciasur.es/), creado no ano 2008 tras un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a UVigo para promover e desenvolver investigación no eido sanitario e transnacional.

Non menos importante é o feito de que varios dos grupos de investigación do programa participan en redes de investigación de recoñecido prestixio como o Centro de Investigación en Rede de Enfermidades Neurodexenerativas (CIBERNED), Saúde Mental (CIBERSAM) ou Enfermidades Raras (CIBERER), a 'Red Española de Terapias Avanzadas' (TERAV-Ricords), todas dependentes

do Instituto de Salud Carlos III (ISCIII), ou Redes de Descubrimento de Fármacos de Galicia (REGID) e España (REDEFAR, ES-OPENSCREEN I e II).

Consideramos que a diversidade de centros, varios deles de excelencia ou cunha orientación traslacional, e a pertenza a diversas redes, garante a excelencia en investigación e a dispoñibilidade de medios para o estudantado do PD, e representa unha fortaleza do programa.

Ademais de todo o anterior, tanto a USC como a UDC e a UVigo tamén ofrecen a todo o estudantado un amplo conxunto de servizos comúns, como residencias, bibliotecas, instalacións e actividades deportivas, acceso a servizos informáticos, etc. Toda esta información áchase a disposición das persoas matriculadas nas páxinas web das tres universidades participantes no programa.

Cabe mencionar que durante o proceso de matrícula nos estudos de doutoramento, tanto na USC como na UDC e na UVigo, o/a doutorando/a asina o compromiso documental de supervisión (desde o curso 2021-2022 a través da Secretaría Virtual na USC), que inclúe as funcións correspondentes a cada un deles e os termos de relación e colaboración académica das partes, conforme á normativa vixente. Nel figura un apartado que inclúe o compromiso de garantir a dispoñibilidade dos medios físicos, instrumentais e dos servizos necesarios para a realización do traballo da súa tese de doutoramento.

Neste punto parece oportuno destacar que o número de proxectos de investigación financiados en activo no curso académico 2023-2024 foi de 55, o 62% correspóndense con proxectos competitivos nacionais, o 11% con proxectos financiados por axencias europeas e o resto por entidades autonómicas (Evidencia EPD21). A capacidade de captación de recursos constitúe un importante indicio da calidade dos grupos de investigación integrados neste PD, e ao mesmo tempo son garantía do seu potencial formativo, non só respecto á dispoñibilidade de medios para desenvolver o proxecto de tese, senón que tamén contribúen a impulsar a asistencia a congresos, reunións científicas e cursos de formación, e á realización de estadías de investigación dos/as doutorandos/as matriculados/as no programa.

5.2.- Os servizos de orientación académica responden as necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou no apartado 4.1, a USC foi recoñecida pola Comisión Europea coa acreditación "HR Excellence in Research". O proceso de implantación da nosa propia HR Strategy levou implícita unha análise exhaustiva das políticas de Recursos Humanos da institución e a definición dun Plan de Acción de Melloras que foi desenvolvido durante o período 2016-2019. Dentro dese plan de acción, no seu eixo prioritario 4 (formación e desenvolvemento de carreiras) incluíase unha serie de medidas encamiñadas a mellorar as condicións e oportunidades do persoal investigador, en todos os estadios da carreira investigadora, tamén na formación predoutoral, para facilitarlles a súa incorporación ou desenvolvemento como profesionais no ámbito académico e no sector industrial. De xeito específico, a acción 32 (Servizo de desenvolvemento de carreiras) tiña como obxectivo a redefinición da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC para incluír servizos de orientación dirixidos a persoal investigador. No documento do plan especificábase o cronograma, responsables e indicadores da acción.

A día de hoxe, a USC conta con diversos sistemas de apoio e orientación aos/ás estudantes matriculados/as, que inclúen:

- A Oficina de Información Universitaria (OIU) (https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/oficina-informacion-universitaria), con presenza nos campus de Santiago e Lugo, que canaliza as demandas informativas relativas a cuestións de carácter xeral sobre a organización, funcionamento e actividades da USC. Para o seu labor de apoio ao alumnado conta con atención presencial na propia oficina, atención telefónica e por correo electrónico, accións que se complementan coa participación en diferentes tipos de eventos educativos.

- A área de Orientación Laboral e Emprego (https://www.usc.gal/es/servicios/area/orientacion-laboral-emprego), desenvolve accións de información, formación e orientación coa finalidade de mellorar as opcións de ocupación e o proceso de integración laboral do estudantado.
- A Oficina de Mobilidade da USC (https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/oficina-mobilidade) facilita toda a información relevante relativa aos programas de mobilidade nos que participa a USC. En cooperación cos distintos centros, a Oficina de Mobilidade contribúe á internacionalización da comunidade universitaria, ofrecendo oportunidades de desenvolvemento académico e profesional ao alumnado.
- As xestións administrativas do alumnado de doutoramento (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos...) realízanse a través do Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica da USC: http://www.usc.es/es/servizos/uxa/.
- O desenvolvemento ordinario dos programas de doutoramento e trámites relacionados coas teses forman parte do labor do persoal de administración vinculado á EDIUS: https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc. Os/as estudantes de doutoramento contan con guías e documentos que lles informan dos diversos trámites necesarios para o seu desenvolvemento formativo (https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/formularios-modelos).
- O Centro de Linguas modernas (https://www.usc.gal/es/centro/centro-linguas-modernas) ofrece aos/ás doutorandos/as estranxeiros/as cursos para o estudo e perfeccionamento tanto das linguas oficiais (castelán e galego) como de linguas estranxeiras (inglés, alemán,...).

A UDC conta tamén cunha Unidade de Emprego (https://www.udc.es/es/emprego/), integrada na Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, cuxo obxectivo é proporcionar ao estudantado orientación, información e formación para mellorar a súa empregabilidade no acceso ao mundo laboral.

Igualmente, a UVigo conta cunha Área de Emprego e Emprendemento (https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad), dependente do Vicerreitorado de Estudantes e Empregabilidade, que ten como obxectivo fundamental impulsar, en colaboración con empresas, administracións e outras institucións, a empregabilidade do alumnado e persoas tituladas por esa universidade. Desde o ano 2019, entre outras actividades, organiza unha Feira de Emprego

(EmpregoinCampus), que brinda a oportunidade de coñecer de primeira man a demanda de persoal de máis de 100 entidades de moi diversos sectores, así como de contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

Respecto aos programas de acollida e apoio, a EDIUS celebra as Xornadas de Benvida para os/as doutorandos/as en modalidade híbrida, con dúas edicións correspondentes ao primeiro e segundo período de admisión, con información de carácter común para todos eles (https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/xornada-benvida). Desde 2013-2014, a EIDUDC tamén organiza anualmente a Xornada de Benvida para Estudantes de Doutoramento. O obxectivo desta xornada é informar, resolver dúbidas e orientar sobre (1) aspectos xerais de organización, normativa e estrutura e funcionamento dos estudos de doutoramento; (2) uso da aplicación informática de xestión académica do alumnado; (3) principais axudas para a formación pre e posdoutoral; (4) formación/plan de apoio ao doutoramento e á investigación. Esta xornada de acollemento e apoio tamén ten o recoñecemento de actividade formativa, de modo que o/a estudante pode incluíla no seu Documento de Actividades. A información sobre esta xornada, así como o formulario de inscrición en liña, está dispoñible na dirección http://www.udc.gal/eid/formacion/xornada_benvida/.

A Eido ten organizado xornadas de benvida tanto para os/as estudantes de doutoramento como os de continuación, onde ofrece información sobre a escola e información xeral sobre esta etapa, calendario académico, actividades formativas, mobilidade, procesos académicos, etc.

Desde o curso 2020-2021, o PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica realiza, unha vez finalizados os correspondentes procesos de admisión anuais, as súas propias xornadas de benvida, en formato híbrido para facilitar a asistencia ao alumnado das tres universidades participantes. Consideramos que se trata dunha iniciativa proveitosa, moi ben recibida polo estudantado, que pretende clarificar as características e funcionamento particulares do noso título. Como acción de mellora, proponse a publicación na páxina web do programa da información facilitada nela a modo de Guía de Acollida (Acción de Mellora PD_NPC-4).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS	Ir a: EPD18
CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.	
6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o programa	
Aspectos a valorar: • As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES. • As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Como se indica no apartado 1.3., anualmente a CAPD avalía o Documento de Actividades do estudantado (Evidencia EPD5), garantindo o seguimento da formación durante a fase da tese e supervisando a realización das actividades formativas recollidas na memoria verificada do título (Evidencia EPD1). Aínda que o programa contempla diversas actividades formativas que considera recomendables e importantes na formación predoutoral, só esixe como actividade obrigatoria a realización dun informe onde se revisen os antecedentes e a bibliografía básica do proxecto de tese a desenvolver, e que debe facerse no primeiro curso de doutoramento. Desde o programa detectamos que, ao tratarse dun documento con formato libre, víñanse recibindo numerosas consultas por parte do alumnado, solicitando información sobre os requirimentos de formato (apartados, extensión, etc.) de dito documento. Neste sentido, propúxose como acción de mellora no informe de seguimento interno correspondente ao curso 2022-2023, a realización dun documento a modo de guía sobre a realización desta actividade, que resolvera estas dúbidas e facilitase a súa	

realización. Este documento xa foi elaborado e aprobado pola CAPD e atópase dispoñible para as persoas matriculadas na web propia (intranet) do título, que pode ser requirido a través da conta de correo do programa (pd.neurociencia@usc.es), e a disposición tamén dos/as estudantes da UDC e UVigo a través das persoas coordinadoras nesas universidades. No informe de seguimento externo anterior, correspondente ao curso académico 2016-2017 (Evidencia EPD2), indicábase que ata ese curso defendéranse no PD 12 teses de doutoramento. Este baixo número explicábase, por unha banda, polo breve período transcorrido desde a súa implantación e, por outra, porque moitas das teses dirixidas polo profesorado do programa correspondían a doutorandos/as matriculados/as en programas en vías de extinción, que por estar a piques de finalizar o seu traballo de tese non solicitaron o paso ao novo PD. Nos últimos 6 cursos académicos defendéronse no programa 72 teses de doutoramento nas universidades participantes: 60 na USC, 2 na UDC e 10 na UVigo (Táboa 4), datos proporcionais ao PDI adscrito por cada unha das universidades participantes (EPD19_Táboa_PDI_PD_actualizada). O número de teses defendidas incrementouse entre os cursos 2020-2021 e 2022-2023, posiblemente asociado á situación de emerxencia (ver Táboa 4 e Evidencia EPD23; Indicador IPD18.1; Informe de indicadores ID-31). Polo tanto, confírmase a tendencia á alza que se prevía no informe anterior.

Táboa 4. Teses defendidas no PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Curso 2018-19	Curso 2019-20	Curso 2020-21	Curso 2021-22	Curso 2022-23	Curso 2023-24	Total
9	7	17	14	17	8	**72**

No curso 2023-2024, a totalidade das teses defendidas alcanzaron a cualificación de sobresaínte (Evidencia EPD23) e recibiron a mención *Cum Laude* (Indicador IPD18.6; Informe de indicadores ID-43), indicativo da súa calidade científica. Ademais, as teses que acadaron Mención Internacional representaron entre o 25% e o 50% das defendidas entre os cursos 2021-2022 e 2023-2024 (EPD23_2019-2020_2024-2025; Indicador IPD18.7; Informe de indicadores ID-44), o que require, entre outros, a formación do estudantado en centros de prestixio internacional. Aínda que desde o curso 2018-2019 ao 2022-2023, ao redor do 90% das teses foron realizadas por alumnado con

dedicación a tempo completo, no curso 2023-2024 esta porcentaxe viuse considerablemente diminuída, pasando a realizarse o 83% das teses con dedicación mixta (Indicador IPD18.2.; Informe de indicadores ID-32). Este dato consideramos que é circunstancial, tendo en conta a dedicación dos/as estudantes actualmente matriculados/as no programa. Entre o curso 2018-2019 e o 2023-2024, a duración media dos estudos a tempo completo estivo en torno a 4,37 anos (Indicador IPD18.4; Informe de indicadores ID-38). Entre os cursos 2019-2020 e 2022-2023 unha porcentaxe reducida dos/as matriculados/as defendeu a súa tese sen necesidade de requirir prórroga (Indicador IPD18.5; Informe de indicadores ID-40), feito posiblemente vinculado ao tipo de proxectos de investigación, maioritariamente experimentais, desenvolvidos no programa. Previsiblemente, coa entrada en vigor do RD 576/2023, un número menor de estudantes requirirá prórroga, xa que a nova normativa establece que a duración dos estudos de doutoramento será de 4 anos, coa posibilidade de solicitar unha prórroga, en lugar de 3 anos máis dúas prórrogas que establecía a normativa anterior.

A produción científica dos/as estudantes matriculados/as no programa ata o curso 2023-2024 foi de máis de 1200 contribucións científicas, que incluían 377 artigos de investigación en revistas indexadas no Journal Citation Reports® (JCR), e 3 capítulos de libro. Ademais, presentáronse 863 traballos en congresos científicos nacionais e internacionais (Evidencia EPD24). A calidade da produción ven tamén avalada pola concesión de premios extraordinarios a 6 teses de doutoramento do programa entre os cursos 2019-2020 e a última convocatoria resolta correspondente ao curso 2021-2022. Estes datos, xunto con outras actividades de investigación realizadas polo estudantado (formación na recollida de información -obrigatoria para o estudantado no primeiro curso-, asistencia a cursos e talleres de formación, estadías de investigación, etc.) poñen de manifesto a adquisición das competencias previstas na memoria verificada do PD, incluídas dentro do nivel MECES 4 (Evidencia EPD1).

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora do programa e revisión do programa.

Na memoria verificada do título, indícase o número de teses defendidas entre os cursos 2017/2018 e o 2021/2022, é dicir, 5 cursos, un total de 45 entre as tres universidades participantes. Nos cursos 2022/2023 e o 2023/2024 defendéronse no programa un total de 25 teses, datos que están en liña cos dos cursos académicos anteriores (Táboa 4).

No que respecta ás cualificacións das teses e mencións obtidas (ver datos no apartado 6.1.), os indicadores do programa seguen en liña cos previstos na memoria, que recolle que en torno ao 33% das teses reciben algún tipo de mención (Indicador IPD18.6 e IPD18.7; Informe de indicadores ID-43 e ID-44). De feito, a porcentaxe de teses con Mención Internacional, aínda que flutuante debido á emerxencia sanitaria da COVID-19, variou entre 25% e o 50% entre os cursos 2021-2022 e 2023-2024 (EPD23_2019-2020_2024-2025). Tal e como se analizou en apartados anteriores, os indicadores académicos do PD relativos á produción científica dos/as doutorandos/as, así como outras actividades formativas realizadas, mostran que se alcanzaron os obxectivos previstos na memoria verificada deste título, que recolle un total de 377 artigos científicos publicados no marco do programa (Evidencia EPD24).

Un dos aspectos que máis inquietude espertaba era o referido ás porcentaxes de abandono do programa, que rexistrou valores elevados nos cursos 2018-2019 e 2019-2020. Tendo en conta que o perfil de ingreso é moi acoutado, pensamos que estes datos poderían estar en relación coa transición de estudantes desde programas de doutoramento en vías de extinción (que fixo que se incrementara notabelmente a matrícula no curso 2016-2017), falta de apoio financeiro, carga laboral/dedicación a tempo parcial, necesidade de programas de acollemento/orientación, etc. Sen embargo, desde o curso 2020-2021 a taxa de abandono diminuíu notablemente, acadando o 9% no curso 2023-2024. A esta mellora considerable nos indicadores contribuirían fundamentalmente:

- A implantación das xornadas de benvida/acollemento do estudantado, tanto por parte do programa como das escolas de doutoramento, nas que se explican os obxectivos, esixencias e tempos do doutoramento.
- Difusión de información sobre contratos/bolsas de investigación desde as universidades participantes e o propio programa. Neste sentido, o programa propón como acción de mellora intensificar a difusión de información sobre contratos ou bolsas de investigación específicas do ámbito a través de distintas canles como o correo electrónico, redes sociais do programa, páxina web (intranet), etc. (Acción de Mellora PD_NPC-5).
- A organización de actividades formativas propias do ámbito por parte do programa e outras transversais desde as escolas de doutoramento das universidades participantes, que contribúen a fortalecer a formación e adquisición de competencias por parte das persoas matriculadas (Acción de Mellora PD_NPC-1).
- A promoción da participación en actividades interdisciplinares (Xornadas de Mozos Investigadores en Neurociencia, Xornada de Mozos Investigadores da EDIUS, etc.), que contribúen a fomentar a integración no entorno académico (Acción de Mellora PD_NPC-2).

Sendo conscientes do impacto positivo destas medidas e da importancia de acompañar aos/ás estudantes no proceso, desde o programa continuaranse a consolidar e fortalecer estas accións para contribuír á permanencia do estudantado no programa e ao seu éxito académico.

Anualmente, os/as coordinadores/as do programa polas 3 universidades participantes trasladan á CAPD a información sobre os indicadores e evidencias do programa, xunto co informe de seguimento correspondente. Da análise detallada dos datos xorden as correspondentes reflexións, accións de mellora e revisión do programa.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta, por unha banda, o ámbito científico do programa, que tal e como consta na memoria verificada do título céntrase na neurociencia básica e aplicada, neurobioloxía, psicoloxía clínica e psiquiatría e, por outra banda, o perfil do estudantado matriculado, procedente do ámbito das Ciencias da Saúde, os indicadores que se utilizaron para valorar os logros alcanzados consideramos que son os correctos. Un dos indicadores máis obxectivos a nivel internacional dentro deste ámbito científico é a publicación dos resultados da investigación en revistas científicas internacionais indexadas no JCR ou Scopus, o que avala o seu nivel científico (Evidencia EPD24). Outro dos indicadores é o factor de impacto e o cuartil das revistas nas que se publican os resultados obtidos, que serve para avaliar a súa importancia relativa dentro do total de revistas da área. Neste sentido cabe destacar que a maioría dos artigos foron publicados en revistas internacionais indexadas, a maioría en revistas do primeiro e segundo cuartil, cun índice de impacto superior a 3.0 (Evidencia EPD24). Estes indicadores supoñen un respaldo á calidade dos traballos que se publicaron no período obxecto de avaliación. Outro indicador relevante dos resultados do programa son os Acordos de Transferencia de Material (MTA), os convenios con empresas e institucións públicas ou privadas e as patentes obtidas. Nos últimos anos, os indicadores recollen 19 rexistros desta tipoloxía, 11 deles no curso 2023-2024, que inclúen 2 patentes licenciadas. Estes datos avalan a capacidade de transferencia do persoal investigador vinculado ao programa (Evidencia EPD21). Outros indicadores do impacto dos resultados acadados polo programa son os premios aos mellores traballos de investigación en revistas e congresos científicos e a participación en actividades de divulgación á sociedade, recollidos na táboa correspondente (Evidencia EPD24). Estes e outros datos referidos en apartados anteriores poñen de manifesto que o rendemento deste PD, tendo en conta o perfil e ámbito científico, foi moi satisfactorio.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos últimos anos, a USC leva feito importantes esforzos para dispor de indicadores de satisfacción de estudantes, titores/as, directores/as, egresados/as e PTXAS dos PD, como medida para valorar o funcionamento dos programas e traballar na súa mellora. De feito, conta con modelos de enquisas para cada un destes grupos de interese (Indicador IPD19) e unha planificación da súa execución recollida no Manual de Enquisas da USC, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 28 de xullo de 2023.

